



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES:

Alba Castro, José Luis
Allegue Agüete, Pilar
Álvarez Moreira, José Ángel
Andrés Iglesias, Jesús
Arévalo Tomé, Raquel
Arias Acuña, Alberto Marcos
Bajo Palacio, Ignacio
Barajas Alonso, Ángel Antonio
Basalo Domínguez, David
Bergantiño Cid, Gustavo
Blanco García, Adrián
Bravo Bernárdez, Jorge
Bueno Alonso, Jorge Luis
Carballo González, M^a de los Ángeles
Carballo Rial, Rosa
Carrillo Pérez Rosalía
Casares Penelas, José Carlos
Castro Cerceda, M^a Luisa
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Cid Fernández, Xosé Manuel
Conde Casas, Sofía
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa González, Alicia
Counago Méndez, Práxedes
Cristobal Ortega, M^a Julia
Cuevas Alonso, Miguel
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Oca Cancela, Guillermo
Diéguez Rodríguez, José Miguel
Durán Vázquez, José Francisco
Expósito González, Benedicta
Falagán Mota, Jorge
Fariña Rodríguez, José
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel José
Fernández Jauregui, Manuel
Fernández Pintelos, María José
Fernández Souto, Ana Belén
Ferreiro Vázquez, Óscar
Ferro Soto, Carlos
Fraiz Brea, José Antonio
García Bugarín, Mercedes
García Estévez, José Manuel
García González, Silvia
García Iglesias, Jaime
García Señorán, M^a del Mar
García Soidán, José Luis
García-Pintos Escuder, Adela
Gil Villanueva, José M^a
González Cerdeira, Julia
González Dopazo, Lois
González Santamaria, Pedro
González Varela, Luis
Graña Rodríguez, Ana María
Iglesias Blanco, Raúl
Iglesias Briones, María Jesús
Lantarón Caeiro, Eva M^a
Llamas Nistal, Martín
López Lago, Marcos
López Perriago, José Eugenio
López Rubianes, Lucrecia M^a
López Sánchez, Óscar
Macías Cambra, Henrique
Martínez Martín, M^a José
Mato de la Iglesia, Salustiano
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mollinedo Lois, Carlos
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Pardo Froján, Juan E.
Patiño Vilas, David
Paz Penín, Concepción
Pena Uris, Gloria M.
Peña Gallego, Ángeles
Pérez Cota, Manuel
Pérez Gómez, Luis
Pino García, Antonio
Pita Grandal, Ana María
Porteiro Fresco, Jacobo

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo convocada para o día 14 de decembro de 2015, ás 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda, no Paraninfo da Reitoría.

O día **14 de decembro de 2015** ás 10:40 h deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario, co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 9 de novembro de 2015.
2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Informe sobre as Liñas xerais de política orzamentaria-2016.
4. Elección do Defensor Universitario.
5. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
 - a. Sector PDI-A: 2
 - b. Sector PDI-B: 2
 - c. Sector PAS: 2
 - d. Sector Estudiantes: 1
6. Elección de 1 representante do alumnado na Comisión Electoral.
7. Elección de 1 representante do alumnado na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos.
8. Elección dos seguintes representantes no Consello de Goberno:
 - a. Sector Decanos/Directores: 2
9. Elección dos membros da Comisión de Plans Estratéxicos:
 - a. Sector PDI-A: 2
 - b. Sector Estudiantes: 2
10. Rogos e preguntas.

O reitor dá a benvida aos claustrais, e informa de que 30 membros do Claustro escusaron a súa presenza na sesión, e posteriormente informa dos acordos tomados pola Mesa do Claustro antes do inicio da mesma.

Informa de que a Mesa acordou que as votacións dos procesos electorais dos distintos puntos poderán realizarse conxuntamente dende o inicio da sesión do Claustro. Lembra que cada claustral deberá depositar o seu voto na urna correspondente, previa acreditación da súa identidade. Engade que, cando se chegue aos puntos relativos ás eleccións, daranse 15 minutos para que os membros da Mesa e os claustrais que non votaran o poidan facer.

A continuación, lembra que as eleccións que se deben realizar son:

Posada González, David
Pou Saracho, Juan María
Prieto Jiménez, Inmaculada
Quintás Graña, Camilo
Ramallo Fernández, Fernando
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rey García, Daniel
Rey Losada, Francisco Jesús
Rodríguez de Prado, Francisco
Rodríguez Rajo, Fco. Javier
Rodríguez Vázquez, Virgilio
Sánchez Moreiras, Adela M.
Seoane Posse, Elena Celsa
Siota Álvarez, Mónica
Torres Romay, Emma
Tugores Martorell, Francisco
Vallejo Pousada, Rafael
Vázquez Dorrió, José Benito
Vázquez Otero, Elsa
Vázquez Vicente, Xosé Henrique
Vera Isasa, María
Vila Alonso, Mercedes
Zas Varela, Mónica

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alfonso Carbó, Pedro
Alonso Vega, Flora
Baltusch, Burghard
Barreiro Alonso, Enrique
Blanco Sierra, Javier
Cid Rodríguez, Tania
Coello Pulido, Ángela
Cuiñas Gómez, Íñigo
Diéguez Quintas, José Luis
Fdez. Riverola, Florentino
Fernández Fustes, M^o Dolores
Fernández Maniñ, Generosa
García González, Marta
Gómez Rodríguez, Alma María
Gutiérrez Sánchez, Águeda
Hernández Sánchez, Jesús
Legido Soto, José Luis
López Pérez, Luis
Loveira Pazó, Rosa M^o
Mandado Vázquez, Alfonso
Pérez Rodríguez, M^o Rosa
Quintás Corredoira, M^o
Ríos Santomé, M^o José
Rivas Conde, Filemón
Rodríguez Gallardo, Ángel
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Santos Reyes, Valentín
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

1) Elección do Defensor Universitario. Na que poderán votar todos os claustrais. As papeletas son de cor branco.

2) Elección de representantes no Tribunal de Garantías:

- dous representantes do PDI-A
- dous representantes do PDI-B
- dous representantes do PAS
- un representante de estudantes no Tribunal de Garantías

Lembra o reitor que na votación a estes representantes só poderán participar os membros do claustro do correspondente sector. E explica tamén que nestas eleccións, segundo o artigo 143.3 dos Estatutos, os candidatos teñen que obter 2/3 dos votos dos claustrais presentes do seu sector, e no caso do Defensor Universitario os candidatos/as teñen que obter 2/3 dos votos de todos os claustrais presentes.

3) Elección de un representante de estudantes na Comisión encargada da modificación dos Estatutos, podendo votar tan só os membros deste sector.

Finalmente, informa o reitor de que na Mesa do Claustro acordouse tamén que a duración das intervencións sexa de cinco minutos na primeira rolda e dous minutos na quenda de réplica. Para determinar a letra de ordenación das intervencións realizouse un sorteo, saíndo a letra “E”.

Aclarados estes aspectos, o reitor da comezo ao debate dos puntos indicados na orde do día.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 9 de novembro de 2015.

Informa o reitor de que se presentaron dúas alegacións por parte do profesor Ángel Rodríguez Gallardo e a profesora Adela Sánchez Moreiras, que foron achegadas xunto coa documentación desta sesión. Propón que sexan incorporadas textualmente á acta. Non habendo máis alegacións, apróbase a acta por asentimento.

Punto 2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Introduce o reitor o seu informe agradecendo a todos os membros da comunidade polo seu esforzo e profesionalidade e compromiso nun marco definido polo mantemento das limitacións orzamentarias e as restricións impostas ao crecemento do cadro de persoal. Grazas a este esforzo de tódolos membros da comunidade, estanse a conseguir importantes avances na nosa Universidade.

A continuación paso a informar dos aspectos máis salientables nas distintas áreas nas que se organiza o goberno da Universidade de Vigo.

Asuntos Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado. Comezando polos relacionados coa organización académica, o reitor realiza un resumo das titulacións impartidas na Universidade de Vigo. Neste curso ofertáronse un total de 38 titulacións de grao, distribuídas como segue: 5 no ámbito de Arte e Humanidade; 2 no de Ciencias da Saúde; 5 no ámbito Científico; 12 no de Enxeñaría e Arquitectura e 14 no ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas, xunto con dous programas conxuntos ou dobres graos. En relación cos másters, a oferta recolle unha relación de 68 títulos de máster, (10 no ámbito de Artes e Humanidades, 1 no de Ciencias da Saúde; 10 no ámbito Científico, 16 no de Enxeñaría e Arquitectura e 21 no ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas. Completan esta oferta 3 titulacións de máster de carácter multidisciplinar.

Prosegue informando que no ano 2015 renovaron a acreditación un total de 21 títulos oficiais. Na actualidade, serán 23 títulos de grao e máster os que pasarán este proceso no presente curso. Tamén destaca o reitor que ao igual que todos os anos, lévase a cabo o programa de seguimento de todos os títulos de grao e máster da universidade, co fin de asegurar a execución efectiva dos ensinos conforme ao recollido no plano de estudos das titulacións, detectar posibles problemas e axudar a establecer as melloras oportunas.

No apartado relativo aos estudos de doutoramento, a Escola Internacional de Doutoramento de Universidade de Vigo- EIDO, encárgase de organizar as ensinanzas de doutoramento de 35 programas de doutoramento da nova regulación cunha entrada lixeiramente superior 300 estudantes de novo ingreso no presente curso 2015-16. A estes estudantes hai que engadir os matriculados en continuación de estudos destes novos programas ou dos programas de regulacións anteriores.

Ao longo deste ano a EIDO concedeu 54 axudas de mobilidade a estudantes e 42 premios de excelencia académica aos mellores expedientes académicos para estudantes de novo ingreso en doutoramento, e na actualidade, prosigue o reitor, estase a punto de resolver a convocatoria anual con 36 premios extraordinarios de doutoramento ás mellores teses.

Explica o reitor que no ano 2015 o número de teses de doutoramento presentadas incrementouse notablemente por mor da extinción de programas de doutoramento de regulacións anteriores, chegándose a 445 teses tramitadas fronte as 114 que corresponderían de xeito ordinario. Nestes momentos só queda un número inferior a 10 teses pendentes de emendas para ser tramitadas pola Comisión e proceder a súa defensa antes do 10 de febreiro de 2016, data límite, ao cumprirse os 5 anos da publicación do RD99/2011, que regula os actuais estudos de doutoramento).

Para finalizar este apartado, subliña o reitor que continuamos mellorando a nosa oferta de títulos, co obxectivo de facela máis atractiva e adaptala ás demandas e necesidades das e dos estudantes e dar resposta á esixencias da nosa contorna. Nesta liña, este ano foi tramitada a solicitude do novo grao en Enxeñaría Aeroespacial que está sendo avaliada por ACSUG e que se impartirá no centro de nova creación denominado Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, pendente de tramitación pola Xunta de Galicia.

Destaca o reitor, que este ano obtiveron a certificación do sistema de garantía de calidade 3 novos centros, (Ciencias Xurídicas e do Traballo en Vigo, e Dereito e Ciencias Empresariais e Turismo en Ourense), co que son xa 8 os centros da Universidade que obtiveron esta certificación.

En canto aos temas destacables no eido de profesorado, comeza salientando que, pese as modificacións realizadas na LOU para modificar o cómputo de prazas por promoción e mobilidade e pese ao incremento da taxa de reposición, seguimos a movernos nun escenario restritivo que non elimina ás limitacións á autonomía da universidade para establecer o seu crecemento e condiciona drasticamente a promoción do seu persoal. Esta situación segue sen permitir que as universidades que, como a nosa, son quen de xestionar eficientemente os seus recursos e non incorren en déficit, poidan aplicar ese resultado no capítulo de persoal para recoñecer e premiar o mérito. Reitera o reitor a vontade de seguir defendendo a eliminación da taxa de reposición e o dereito á promoción en todos os foros e ante todas as instancias ata que estas restricións desaparezan.

En relación coa oferta pública de emprego, a taxa de reposición permite no ano 2015 a convocatoria de 8 prazas de profesorado permanente. O Consello de Goberno do mes de xullo aprobou a convocatoria de 8

prazas de profesorado contratado doutor. Tras a selección e áreas realizada pola COAP o pasado día 4 de decembro, procederase á convocatoria nos vindeiros días.

Continúa o reitor expoñendo que pese as conversas coas consellerías de facenda e educación non se ten logrado autorización para a contratación como profesorado a tempo completo do profesorado axudante doutor que remataba contrato no ano 2015 ou durante o curso 2015/16, polo que a Universidade de Vigo deseñou, e levou a cabo unha convocatoria de Intensificación Investigadora para este colectivo ao abeiro da Lei da Ciencia que deu ou dará lugar a 9 novos contratos. Destaca o reitor que de non facelo así estas persoas terían rematado o seu contrato e polo tanto a súa vinculación coa UVigo.

A continuación o reitor pasa a resumir os aspectos máis relevantes do ámbito de investigación e transferencia, destacando o Programa de axudas á investigación da Universidade, cuxa convocatoria foi aprobada no Consello de Goberno de 27 de marzo de 2015, cun importe total orzamentado de 1.658.000 euros, no que se inclúen distintos tipos de axudas, con especial énfase nas destinadas ao persoal investigador en formación. Neste momento xa están publicadas as resolucións de todas as axudas.

En canto á produción de investigación e produción de transferencia, informa de que xa están resoltas as reclamacións e publicada a avaliación definitiva do ano 2013 e aprobados os criterios de avaliación do ano 2014 (C.G. 17 de xullo de 2015), estando a piques de publicarse a avaliación provisional.

Prosegue facendo especial mención do esforzo realizado no desenvolvemento de convocatorias orientadas á retención e captación de persoal investigador. Así, foron aprobadas, e resoltas, as convocatorias dos Programas de retención de talento investigador da Universidade de Vigo (CG 23 de xuño de 2015) e de contratación de persoal postdoutoral cara á intensificación investigadora do profesorado axudante doutor (CG 17 de xullo de 2015), que permitiu a contratación de 7 investigadores e investigadoras.

Tamén se puxeron en marcha o Programa de captación de talento investigador de excelencia da Universidade de Vigo (CG 17 de xullo de 2015) e o Programa da Universidade de Vigo para a captación de persoal investigador seleccionado nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC) (CG 27 de novembro de 2015). Por outra banda, no apartado normativo, aprobouse a Normativa de xestión de recursos liberados dispoñibles nos proxectos do programa Horizonte 2020 (CG 23 de xaneiro de 2015), ferramenta necesaria para a xestión interna de axudas de investigación no novo programa de I+D+i europeo.

No que respecta aos centros de apoio á investigación da Universidade, destaca a finalización e equipamento do novo edificio do Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI) e o traslado ao mesmo. O novo edificio albergará os Servizos de Determinación Estrutural, Proteómica e Xenómica, Nanotecnoloxía e Análise de Superficies, Microscopía Electrónica, Seguridade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible, Detección Remota, Taller Electrónico e Taller de Mecanizado. Con esta construción, ampliáronse as superficies e melloráronse as condicións das que dispoñen estes servizos, redundando nunha mellora da calidade dos mesmos. Estamos agora no proceso de finalización da mudanza para poñen en servizo estas áreas a finais de ano.

Tamén se finalizou a construción e equipamento do Servizo de Bioexperimentación da Universidade de Vigo, así como do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO), que se porá en marcha nos primeiros meses do 2016 co traslado dos grupos de investigación ao mesmo. Con este proxecto, a Universidade de Vigo pretende tomar a iniciativa no sector da investigación biomédica, tanto básica como aplicada. Entre outras dotacións o edificio conta cun laboratorio de contención biolóxica BSL3, único no noroeste da Península Ibérica.

Destaca o reitor que, unha vez finalizada a construción do Centro de Investigación Tecnolóxico industrial (MTI), durante o 2015 avanzouse nas obras e equipamento para adaptalo ás necesidades dos grupos de investigación que teñen asignados espazos nel. No 2016 continuaranse estas tarefas e trasladaranse ao módulo os primeiros grupos de investigación.

Informa de que todas estas obras supuxeron unha inversión de 7.149.950 euros, aparte do cal foron invertidos 1.718.050 euros en outras infraestruturas científico-técnicas específicas para o CACTI, AtlantTIC e o CITI. En resúmen, a Universidade de Vigo realizou no ano 2015 inversións en

infraestruturas científico-técnicas por un importe de arredor de 8.868.000 euros, dos cales é fundamental destacar que o 97% foi financiado grazas a recursos externos captados en convocatorias competitivas.

No que respecta aos resultados acadados na captación de recursos externos de I+D+i, desde o último informe ata a data actual, distínguense os apartados de proxectos, actividades contratadas de I+D+i e convenios. No apartado de proxectos incrementouse lixeiramente o importe total acadado en relación co ano anterior, cun total de 9.873.599 euros. Desta cantidade, o 20% correspondeu a convocatorias europeas, o 51% a convocatorias estatais e o 29% restante a convocatorias de ámbito autonómico. En total, obtiveron financiamento 71 proxectos ou accións de investigación (8 europeos, 47 estatais e 16 autonómicos). No que respecta á distribución por ámbitos, destaca especialmente o ámbito Tecnolóxico, con 31 axudas financiadas, seguido do Científico (26 axudas), o Xurídico-Social (10 axudas) e o Humanístico (4 axudas).

No apartado de actividades contratadas de I+D, observouse un certo descenso nos ingresos por contratos de I+D con empresas e institucións, datos provisionais porque non está resolta a connecta-PIME, cun total de 85 contratos por un importe de 2.164.614 euros.

Por outra banda, mantívose a actividade relacionada coa participación en informes, con 732 informes por un importe de 1.173.354 euros. En conxunto, as actividades contratadas de I+D supuxeron ingresos por un total de 3.337.968 euros. Lixeiramente inferior ao ano pasado, pero pendente das convocatorias por pechar. No que respecta ao reparto por ámbitos, destaca especialmente a contribución do ámbito Tecnolóxico, con un 73% das actividades realizadas, seguido do científico (20%), e o xurídico-social (7%).

Na captación de recursos externos, salienta o reitor os ingresos derivados de convenios coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e tamén, aínda que en menor medida, coa Axencia Galega de Innovación, que supoñen un total de 5.132.547 euros. Destacan, por magnitude económica, os convenios para o cofinanciamento da adquisición e mantemento de infraestruturas e equipamento no marco do Plan Estatal de I+D+i (826.517 €), para o desenvolvemento dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación (1.188.750 €) ou as sucesivas addendas ao convenio para o financiamento de centros de investigación (2.100.000 €). Así mesmo, menciona os convenios para o apoio ao persoal investigador adxudicatario ou finalista nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC) (385.000 €), ou os específicos destinados ao cofinanciamento do subprograma Ramón y Cajal (120.375 €), o para facilitar ao persoal investigador o acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicacións (170.000 €) ou aos recursos de información científica en liña (391.905 €).

Finaliza o apartado de captación de recursos de I+D+i en convocatorias competitivas, destacando os bos resultados obtidos pola Universidade de Vigo na convocatoria de axudas para a promoción do emprego novo en I+D+i do MINECO, cun financiamento de aproximadamente 425.000 euros para a contratación de 11 mozos durante 2 anos. Así mesmo, recentemente foi publicada a resolución do Programa de Consolidación de Campus de Excelencia Internacional do MINECO, no que a Universidade de Vigo, como coordinadora do Campus do Mar, obtivo axudas por un importe de máis de 166.000 euros.

En resumen, ata a data actual obtivéronse recursos por cerca de 20 millóns de euros, estando pendentes de resolver convocatorias importantes que sen dúbida incrementarán esa cifra.

Proseguindo co seu informe, o reitor destaca, no eido da transferencia, a creación de 3 spin-off (Environmental Physics Technologies S.L., Nanofaber SRL, CEO2 Green S.L.), a tramitación de 13 patentes nacionais e patentes europeas e internacionais, e a sinatura de 7 contratos de licenza, baseados en patentes, software e know-how. Tamén subliña a posta en marcha do perfil da Universidade de Vigo, no portal tecnolóxico Innoget, para a comercialización de patentes. Fai fincapé e que a oferta de transferencia reflíctese na posta a disposición da nosa contorna socioeconómica máis de 200 grupos de investigación co súa carteira de resultados de investigación con potencial de mercado de máis de 170 patentes e outras tecnoloxías dispoñibles para o seu licenciamiento.

Pasa a referirse o reitor ao Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar”, salientando que nel se concitan ámbitos docentes de posgrao, de investigación, de innovación tecnolóxica e de transferencia de coñecemento, co obxectivo de fortalecer un sector económico de importancia crucial para o ámbito

xeográfico de influencia, e crear en Galicia un polo científico-tecnolóxico do mar capaz de converterse nun referente a nivel internacional.

A continuación, resume as principais actuacións desenvolvidas este curso 2014/15 nos ámbitos de actuación do proxecto. No ámbito da Coordinación Proxecto, elaborouse o informe final de seguimento dos Campus de Excelencia Internacional para consolidar o selo de calidade e reforzouse a actividade da Rede CEI.MARNET, creada polos Campus de Excelencia Internacional mariños españois, coa posta en marcha dunha oferta conxunta de mestrados interuniversitarios no ámbito da Oceanografía, a Xestión de Recursos Mariños, a Xestión Integral da Zona Costeira e as Tecnoloxías Mariñas Subacuáticas.

No ámbito da Internacionalización salienta a incorporación á rede International Association for Marine-related Institutions (IAMRI), que liderada pola Ocean University of China en Qingdao, reúne a centros de investigación e universidades de referencia de EEUU, Canadá, Australia, Alemaña, Inglaterra, China, Corea, Francia e Xapón e a continuación dos traballos de cooperación en Cabo Verde financiados por Cooperación Exterior da Xunta de Galicia.

No Eixo da captación de talento publicouse a convocatoria do Programa de Captación de Talento Post-Doctoral de Campus do Mar (FELLOWSEA), cofinanciado a través dunha acción Marie Curie, (COFUND), para a contratación, durante 36 meses, de 10 investigadores e investigadoras con experiencia, non residentes en España, para que desenvolvan a súa investigación nas institucións do Campus do Mar que concluirá nas próximas semanas coa súa avaliación por unha comisión de expertos internacionais. Nos consta o éxito de dita convocatoria con certa de 30 solicitudes, confiando en poder incorporar a ese 10 investigadores de gran experiencia.

Destaca tamén o deseño, coordinación e execución do Proxecto EMPREAMAR, un programa de emprendemento orientado ao aproveitamento sostible dos recursos mariños. Esta iniciativa foi seleccionada por FARNET (Rede Europea de Zonas de Pesca da Comisión Europea) como exemplo de boas prácticas en materia de emprendemento e investimento nas persoas. Dado o seu éxito, vaise desenvolver en todo o seu conxunto en colaboración coa Zona Franca, xa que se confía en desbloquear o proceso de cesión dos terreos da ETEA, este e outros proxectos, continúa, serán os que lle dean contido a ese centro que esperamos que pronto sexa unha realidade.

Finalmente, destaca o éxito do Programa de Doutoramento Marine Sciences, Technology and Management (DO*MAR), recibiu no curso 2014-15, 52 novos estudantes: 35 da UVigo, de xeito que o programa de doutoramento conta na actualidade con 186 estudantes procedentes de 19 países. Destaca o reitor o éxito, sendo o único en España que é interuniversitario é internacional.

Para finalizar a informe deste ámbito, realiza un breve resumo das actividades relativas ao Vigo Tecnolóxico durante o ano 2015, destacando que na Agrupación Estratéxica INEX realizáronse entrevistas cos investigadores principais dos grupos de investigación con maior produción en investigación e transferencia situados na Escola de Enxeñaría Industrial e na Escola de Enxeñaría de Minas, atendendo ás súas presentacións e visitando os seus laboratorios. Preparouse e presentou a solicitude á convocatoria 2015 da Xunta de axudas para Agrupacións Estratéxicas, aínda que sen éxito. Actualmente estase no proceso de creación da súa Comisión Xestora e elixírase á súa Coordinador. Preténdese continuar coa creación do libro branco de INEX.

Fai especial fincapé na creación do Grado de Enxeñaría Aeroespacial e as múltiples reunións tanto da Xunta de titulación como da Comisión durante todo o ano, preparando e aprobando a Memoria de Verificación, a Memoria Económica e a Memoria Xustificativa do Grado. Xa superou a aprobación previa da Consellería de Educación da Xunta e do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e atópase en fase de análise pola ACSUG. Prevese o seu posible implantación no próximo curso académico 2016/2017. No ámbito de Aeroespacial, lembra a creación da Fundación Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia (CINAE), no que a UVigo participa como patrón xunto co Consorcio Zona Franca de Vigo, así como con AIRBUS, ASIME, o Consorcio Aeronáutico Galego, UDEGA, COASA e DELTAVIGO. Actualmente estase preparando unha solicitude de proxecto europeo para equipar o centro que se situará nun edificio de Zona Franca no Parque Empresarial Porto do Molle en Nigrán.

En liña coa sensibilidade da Universidade de Vigo, comeza informando da política de bolsas. Este ano, mantivéronse todas as convocatorias establecidas en anos anteriores: Bolsas residencia, Comedor e Causas sobrevidas, así como os premios a excelencia académica, cunha dotación global superior á do ano pasado. O número de solicitudes presentadas neste curso mantense practicamente sen variacións con respecto ao curso anterior, sendo lixeiramente superior o número de estudantes que resultaron beneficiados destas axudas, ao cumprir os requirimentos das convocatorias.

Destaca o reitor as actividades levadas a cabo pola Área de Emprego e Emprendemento, área de nova creación, dependente da Vicerreitoría de Estudantes, que ten como principal misión mellorar a empregabilidade do noso estudiantado e persoas egresadas, tanto por conta propia como por conta allea. Para iso, durante o curso académico 2014-15, traballouse intensamente sobre catro liñas estratéxicas:

Prácticas académicas externas constitúe unha liña importante que mellora a formación dos nosos estudantes e, de xeito simultáneo, facilita a súa empregabilidade e a realización de prácticas académicas externas. No curso académico 2014-2015 xestionáronse dende a Área de Emprego e Emprendemento un total de 329 novos acordos de cooperación educativa para a realización de prácticas. Estamos acadando cifras de cerca de 2000. Tamén se está a desenvolver un novo sistema de xestión das prácticas, que facilitará o traballo dos centros.

Orientación e información de emprego: Durante este ano elaborouse un plan de formación para o emprego e fomento do autoemprego, que comezará impartirse en Xaneiro de 2016 realizado por persoal propio da universidade. Organizáronse diversos cursos, coma o Forumemprego Universitario 2015 e as 14 Xornadas universitarias de emprego de Galiza e Norte de Portugal, coa colaboración da Universidade Os contactos coa Universidade de Minho no marco das actividades anuais do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, estas actividades permitirán realizar de forma conxunta novas accións para o fomento da empregabilidade do noso estudiantado.

Ademais, coorganizáronse obradoiros con diversos organismos coma, por exemplo, Iniciativa emprendedora, en colaboración coa Escola de Organización Industrial ou os Obradoiros de orientación profesional, en colaboración coa Escola de Negocios Afundación.

Dende a Universidade temos claro que debemos coñecer a inserción laboral do noso estudiantado, para iso séguese colaborando cos estudos que se realizan dende distintos organismos, e este ano por primeira vez co observatorio de emprego dos estudantes universitarios promovido pola Cátedra Unesco en colaboración con diversas universidades españolas. E unha base de datos para mergullar a os nosos estudantes no mundo laboral.

Finalmente, o reitor aborda os avances máis salientables da liña de Emprendemento-autoemprego que pon de manifesto a especial sensibilidade por este tema da Universidade de Vigo. Durante o curso 2014-15 lanzouse por primeira vez unha convocatoria dos premios Incuvi-Emprende que inclúa os tres campus da Universidade, e onde presentáronse 43 proxectos, con máis de 70 participantes. Pero neste novo curso quérese dar un maior impulso ao emprendemento e coa colaboración co Consorcio Zona Franca de Vigo e distintas confederacións de empresarios, lanzarase nestes días a convocatoria Incuvi-Avanza salto cualitativo do programa anterior, que pretende seguir axudando a aqueles proxectos que teñen grandes posibilidades de se converter en empresas, mediante a cesión gratuíta dun espazo e cun programa de mentorización adecuado a súas necesidades.

Informa de que estase organizando, de forma conxunta co Vicerreitorado de Relacións Internacionais, unha semana Internacional de Emprego e Emprendemento para coñecer as mellores prácticas doutras Universidades, españolas e estranxeiras, e poder poñelas en práctica na nosa.

E por último, para que os egresados e egresadas sigan a considerarse parte da nosa Universidade, estase a traballar na creación dun clube, que manteña ese vínculo.

Un área que ten especial relevancia na nosa Universidade e para toda a comunidade, continúa o reitor, é a Área de Linguas, na que destaca, entre outras dúas liñas de actuación:

- O maior volume de accións desenvolvidas polo Centro de Linguas están relacionados coas actividades académicas: oferta e impartición de cursos de idiomas, cursos de formación metodolóxica para o ensino

de linguas, e de cursos de formación específicos dirixidos ao PDI e PAS; exames de acreditación de nivel oficiais (CertAcles, DELE, HELA e TOEFL) e de acceso libre (alemán, francés, inglés e portugués) e o proceso de acreditación do Centro de Linguas como institución certificadora dos exames CertAcles correspondentes aos niveis B2 de español, e B2 e C1 de inglés.

- Entre as accións encamiñadas ao desenvolvemento do plan de docencia en inglés, menciona a organización das probas de acreditación HELA no campus de Vigo e Ourense; a revisión das enquisas de avaliación do profesorado e alumnado; posta en marcha e supervisión académica, en colaboración co Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo, dun plan de formación para o PDI para a docencia en inglés.

- En relación co programa multilingüe da Universidade de Vigo para o curso académico 2014/15, produciuse un incremento substancial (de preto do 50%) no número de materias impartidas, e de horas impartidas en inglés, así como no número de docentes que as imparten. Nos graos, a Escola de Enxeñaría Industrial lidera a oferta de materias en inglés, cun 32%, se excluímos o grao de Linguas Estranxeiras da Facultade de Filoloxía e Tradución, pola súa propia natureza. En canto á docencia de máster impartida en inglés destacan os mestrados de Bioloxía e Química, cunha porcentaxe do 100% e do 87.5% dos créditos totais impartidos en inglés, respectivamente.

Proseguindo con seu informe, o reitor pasa a resumir as actuacións desenvolvidas dende a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

- En primeiro lugar, a aposta pola cooperación universitaria ao desenvolvemento, iniciada o pasado ano coa creación da Rede Galega de Cooperación Universitaria ó Desenvolvemento, comezou a dar os seus froitos e acadáronse os primeiros proxectos en Cuba e Cabo Verde, sendo a Universidade de Vigo a única universidade do SUG que obtivo financiamento na convocatoria da Xunta de Galicia do ano 2015 dentro do apartado de Outros Axentes de Cooperación.

- De igual xeito, destaca a elevada participación nos programas de voluntariado, con preto de 200 alumnos colaborando en 20 programas alleos (Banco de Alimentos, Aldeas Infantís, Asociación Española Contra o Cancro etc.) ademais da colaboración en programas propios, como a OMA, o programa de atención á diversidade e o servizo de prevención de riscos laborais.

- Neste ano levouse a cabo a posta en marcha dun novo Programa de Maiores adaptado a Bolonia, dotado dunha maior flexibilidade para o alumnado sénior e a posibilidade de realizar especialidades durante os dous últimos anos. Destaca que neste curso produciuse un incremento moi significativo na matrícula, acadándose un total de 490 alumnos no total do programa.

- Subliña a aposta da Universidade de Vigo polo deporte como unha parte fundamental da vida universitaria e unha faceta máis da formación integral dos nosos estudantes. As actividades e eventos deportivos programados dende o Servizo de Deportes contaron con preto de 6000 persoas usuarias de forma regular. O alugamento de instalacións a persoas e entidades alleas, así como a celebración puntual de eventos, elevaron o número total de participantes ás 12.000 persoas. A consolidación dunha vida máis activa constitúe un eixo central de actuación, así neste ano, a nosa Universidade integrouse na Rede de Universidades Saudables, e involucrouse activamente na mesma entrando na directiva, e lanzou o programa Be Muver!, un ambicioso Programa de Deporte e Saúde dirixido ós membros da comunidade universitaria preocupados pola súa saúde física e mental.

- Outra liña relevante de actuación é a potenciación da mobilidade internacional. Neste sentido, a través dos distintos programas de mobilidade (Erasmus, ISEP, Fórmula Santander, bolsas Iberoamérica, prácticas internacionais extracurriculares bolsas propias, libre mobilidade, etc) un total de 724 estudantes da nosa universidade tiveron a posibilidade de realizar estadias no extranxeiro. Do mesmo xeito, 162 profesores participaron, a través dos programas Erasmus, Erasmus Mundus GreenIT, e Iacobus, en estadias en diversas universidades. E 14 membros do PAS, grazas aos programas Erasmus e Iacobus, puideron beneficiarse das actividades de mobilidade internacional.

- En canto a recepción de estudantes estranxeiros, ao longo deste curso, foron 535 estudantes de diversas nacionalidades que se incorporaron á vida académica nos tres Campus da Universidade de Vigo. Por

segundo ano consecutivo, a Universidade de Vigo se encontra entre as universidades españolas mellor valoradas en canto a percepción dos estudantes internacionais, segundo o StudyPortals International Student Satisfaction Awards 2015, obtendo unha cualificación de “Very good” que supón unha puntuación de máis de 8 sobre 10.

- Por primeira vez na súa historia, a Universidade de Vigo acadou financiamento a través de proxectos internacionais nas áreas de maiores (Proxecto KIPAM: "Knowledge is Power, Age ain't Matter"), atención ó estudantado con necesidades educativas especiais (Proxecto MappEd "Enhancing the participation of students with disabilities in the Erasmus+ programme"), deportes (Proxecto EMIS "Egalité Mixité Intégration par le Sport").

No relativo á Área de Normalización Lingüística, o reitor fai especial mención da formación en lingua galega, e indica que, ao longo deste curso, seguiu primando á formación en liña sobre a presencial para facilitar a participación de todos os sectores da comunidade universitaria, e acadouse unha matriculación total de 474 persoas. Resume as axudas á investigación en lingua galega, que incrementaron a súa dotación orzamentaria, a convocatoria dos Premios de Poesía, relato curto e tradución literaria na que presentáronse 43 traballos, a presentación do Dicionario de sinónimos galegos e a edición do manual “Na Universidade en galego sen dúbida”. Finaliza, dando conta da presentación da dobraxe ao galego dunha serie de vídeos científicos elaborados polo grupo Divulgare (lab. de evolución e ecoloxía) e tamén se participou, en colaboración co Depto. de Física Aplicada, na edición do volume correspondente ao 7º concurso de relatos curtos: Ciencia que conta e no Quintal literario da asociación estudantil Trabalingua.

En relación coa Unidade de Igualdade, lembra que o 26 de novembro aprobouse o “Protocolo marco de Actuación para a Prevención e Sanción do Acoso Sexual e por Razón de Sexo”, un paso máis na consolidación dun entorno de respecto da dignidade de todas as persoas integrantes da súa comunidade. No ano 2015 realizouse a avaliación do cumprimento do I Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo, finalizado no 2014. Esta diagnose da igualdade de xénero na Universidade de Vigo está a amosar as debilidades e fortalezas neste campo. Ambos informes, son públicos a través do portal da Unidade. Da conta o reitor das actividades levadas a cabo en investigación, as de sensibilización contra a violencia de xénero, así como as actuacións para a visibilización das manifestacións artísticas das mulleres, patrocinando este ano o programa “Alt.procrea en feminirno” no Festival de Teatro alternativo de Vigo. Tamén se colaborou co Festival Sinsal da Illa de San Simón, e continuou un ano máis co Proxecto de Visibilización das obras das alumnas da Facultade de Belas Artes, na cuarta edición de ArtistAS. De igual xeito, da conta das actividades de formación do PAS e o PDI, e da celebración dos actos institucionais o día 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, coa entrega do premio UVIGUALA a María Teresa Díaz Álvarez, Raquel Iglesias Domínguez e David Basalo Domínguez, promotores do programa de conciliación Campus Camp, e o 25 de novembro, día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.

En relación coa actividade derivada da Vicerreitoría de Economía e Planificación, o reitor comeza lembrando que durante este curso procedeuse á negociación dun novo Plan de Financiamento Universitario para o Sistema Universitario Galego (PFSUG) no período 2016-2020. Do que xa foi informado previamente neste Claustro e no consello de Goberno. Este novo Plan de Financiamento suporá un marco estable de estimación de ingresos por transferencias da Comunidade Autónoma para os vindeiros exercicios. Por outra banda, recorda que o Claustro aprobou a creación dunha Comisión de elaboración do novo Plan Estratégico da Universidade de Vigo 2016-2020. Esta Comisión, de composición semellante á dos Estatutos, poderá definir as bases para a realización dun Plan que coincidirá no seu desenvolvemento temporal co novo PFSUG e co Horizonte 2020 da Unión Europea. Finaliza este apartado, xa que nun punto posterior se falará das xerais de política orzamentaria.

En relación coa Biblioteca Universitaria, destaca a auditoría interna do seu sistema de xestión ISO 9001, un proceso de revisión pola Dirección no marco da Xunta Técnica e unha auditoría externa de mantemento da certificación pola auditora DNV con resultado satisfactorio. Tamén se realizaron as auditorías para o mantemento da certificación do sistema de xestión ambiental ISO 14001 implantado nas tres bibliotecas centrais (campus de Ourense, Pontevedra e Vigo) como resultado dunha iniciativa

conxunta co Servizo de Deportes e a Oficina de Medio Ambiente (OMA) da Universidade de Vigo. Felicita o reitor ao equipo de persoas encargadas da Biblioteca, pola súa función.

En relación coas actividades dos Campus de Ourense e de Pontevedra, o reitor informa de que continúan desenvolvéndose na liña do seu respectivo campo de especialización, Campus Auga e Campus Crea s2i. Non entra a detallar as actividades, xa que os propios vicerreitores presentarán un informe do seu desenvolvemento nunha sesión próxima.

Finaliza o reitor o seu informe, indicando que todos aqueles aspectos que non tivo ocasión de expoñer por limitacións de tempo están recollidos na memoria anual que publica a secretaría xeral, e agradece a todos os membros da comunidade polo traballo desenvolvido.

Punto 3. Informe sobre as Liñas xerais de política orzamentaria-2016.

O reitor cede a palabra ao Vicerreitor de Economía e Planificación, quen procede a presentación do informe acerca das liñas xerais de política orzamentaria, que se xunta a esta acta como documento anexo. Comeza sinalando que o orzamento do exercicio 2016 é o primeiro que se desenvolve no marco do novo Plan de Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 (PGFU), coincidindo co Horizonte 2020 da Unión Europea.

Fai a continuación balance do que foi o Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego 2011-2015 dende a perspectiva da Universidade de Vigo.

A través dunha gráfica comparativa amosa o vicerreitor a evolución da situación financeira das tres universidades do SUG nos últimos anos no que se comproba que a Universidade de Vigo logrou superar a situación de déficit que tiña no 2011, e dende o 2012 estanse a pechar con superavit os sucesivos exercicios económicos, sendo a única do universidade do SUG que o logra. A UVIGO durante a execución deste plano de financiamento conseguiu continuar a súa función sen ter que acudir ao crédito bancario, xa que foi quen de acadar financiamento externo a través da captación de recursos, ademais de mellor o uso dos seus recursos, reducindo custos.

A continuación pasa a presentar o novo Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 (PGFU 2016-2020) do que valora positivamente dous aspectos. O primeiro é a propia existencia do plan, na medida na que aporta un marco de estabilidade orzamentaria, facilitando a programación a longo prazo. En segundo lugar, a superación dos criterios históricos no reparto do financiamento estrutural.

Critica, porén que o financiamento estrutural absorba o 66,66% dos recursos totais, cando esta universidade propuña que a metade dos recursos se destinasen ao financiamento por resultados e a outra metade a financiamento estrutural.

Valorando positivamente que o financiamento estrutural se reparta en función do número de créditos matriculados en cada universidade, destaca como aspecto negativo a excepcionalidade coa que se estiman os custos da docencia clínica, verbo doutras carreiras de carácter tecnolóxico ou científico.

En canto ao financiamento por resultados, sinala que dos catro subfondos nos que se divide, só un deles é verdadeiramente financiamento por resultados. Os restantes financian cuestións que nada teñen que ver cos resultados acadados por cada universidade Detalla a continuación os diferentes conceptos que compoñen os resultados. Entre eles están os (sexenios e complementos retributivos do persoal de cada unha das universidades do SUG, “Outros custes asociados ao ensino universitario” no que se inclúen coma fondos por resultados os ingresos que percibe a UNED en Galicia, o financiamento da Fundación Rof Codina ou as achegas aos consellos sociais). Conclúe indicando que estamos diante dun plan de financiamento regresivo xa que o financiamento por resultados non supera o 14% dos recursos totais.

Especial mención fai da compoñente baseada no panel de indicadores, que infravaloran a transferencia de coñecemento, a mobilidade internacional e mesmo a docencia, pero sobre todo, resulta inaceptable que os

dous primeiros indicadores (número de grupos de investigación e captación de talento) que supoñen sumados o 30% dos resultados, non estean relativizados en función do tamaño da universidade.

Expón que en todo o momento o equipo de goberno da Universidade de Vigo manifestou a súa oposición a esta distribución, pero sen resposta positiva por parte do goberno da Xunta.

Neste contexto, continúa o vicerreitor o orzamento que se presenta acada un volume de 160.586.524 € que supón unha diminución con respecto do ano pasado, nun 2,79%; xustificamos esta previsión nas estimacións realizadas verbo do novo PGFU, da finalización das axudas de investigación coma son os proxectos BIOCAPS, TACTICA e CINBIO, entre outros, e da actual execución do orzamento de ingresos de 2015. O novo programa Horizonte 2020 da Unión Europea está nos seus inicios e as novas axudas están en fase de convocatoria, o que explica a baixada na consecución de recursos externos para o ano 2016.

Tras comentar a evolución do peso porcentual no conxunto dos ingresos de cada capítulo e a comparación co exercicio precedente, pasa a presentar a previsión orzamentaria de gastos, destacando que o capítulo I, de gastos de persoal, continúa a ser a principal partida de gasto, cun 59,18%, superior á orzamentada no 2015, cun 53,99% de peso no total.

Xustifica este cambio pola adecuación do importe orzamentado ao efectivamente gastado nos últimos exercicios, nos que o mantemento do emprego público, o incremento vexetativo da masa salarial, a devolución da parte proporcional da paga extra pendente dende 2012 e o incremento da participación do persoal de convenios e programas no gasto imputado ao capítulo I, fixeron que o gasto efectivo se incrementara de xeito salientable.

O vicerreitor fai fincapé en que a Universidade de Vigo e a universidade Galega na que máis ten medrado o gasto en capítulo I nos últimos catro exercicios, pasando dos 88.865m€ liquidados no exercicio 2012 aos 93.397m€ que está previsto liquidar no exercicio 2015, un incremento dun 5,10% nos peores anos da crise, o que amosa o compromiso da universidade cos seus traballadores e co mantemento do emprego público. Destaca tamén a redución do capítulo II de gasto corrente, un 10,32%. A causa está no remate dos fondos de carácter finalista anteditos e a continuación nas políticas de novas licitacións ou renegociación de contratos que proporcionan unha baixada de custos, xunto cunha maior eficiencia na xestión do gasto. O Capítulo III, de gasto financeiro, mantén o mesmo orzamento que no 2015 e o Capítulo IV, increméntase un 5,58. Este incremento se debe a un incremento das axudas do Ministerio para os proxectos de Relacións Internacionais (Erasmus e bolsas de mobilidade internacional). O vicerreitor indica que o esforzo da universidade en axudas aos estudantes mantense na cifras do ano anterior.

O capítulo VI, de investimentos reais, diminúe con respecto do exercicio pasado. Explica o vicerreitor que, como se ten comentado nos últimos exercicios, a política de investimentos está directamente ligada á consecución de fondos finalistas, para non comprometer o funcionamento ordinario da institución, de xeito que non se executa unha obra se non hai financiamento para ela. Por este motivo, o descenso vén explicado pola finalización deste tipo de proxectos, coma os asociados a infraestrutura científica ou sectoriais como Biocaps, Cinbio ou Táctica.

O vicerreitor pasa a mencionar a composición do gasto por capítulos, realiza unha comparativa entre a evolución dos ingresos e a dos gastos nos orzamentos dos últimos anos, e finaliza este capítulo indicando que o conxunto do gasto continúa a senda da contención, marcado pola mellora na xestión eficiente dos recursos ordinarios e pola adaptación ao inicio do novo PFSUG 2016-2020, que garante a capacidade de funcionamento para o noso nivel de gasto, que na súa meirande parte é gasto no capítulo de persoal.

Destaca que a Universidade de Vigo ten un saldo positivo dende 2012, e que o obxectivo neste ano é lograr un superávit de 3,5 M€, que serían os necesarios para pagar os intereses e amortización da débeda pública que temos, polo que ao final lograríamos o equilibrio financeiro. Así, finaliza este epígrafe, indicando que hai que ser conservadores na previsión de ingresos, e na realización de obras. Así non está

incluído o edificio do Berbés, porque mentres non se logre a financiación, coa sinatura do convenio, non se incluírá no orzamento. Só se incorporan aquelas obras con financiamento conseguido.

Pasa a continuación a esquematizar as previsións para as liñas básicas de actuación do goberno, si ben non as detallará na exposición, posto que xa están recollidas no documento que se axuntou coa convocatoria.

En relación coa liña de persoal, concretamente o PDI, fai referencia a que o escenario previsto para 2016 contempla unha taxa de reposición do 100%, que se complementa coa posibilidade da convocatoria dun número de prazas de promoción igual ao de prazas de profesorado funcionario convocadas. Estas prazas de promoción, xunto coas de mobilidade do profesorado dos corpos docentes dentro do estado, son adicionais ás que se convoquen co límite da taxa de reposición. Subliña que aínda que esta situación é claramente mellor que a vivida nos últimos anos, ao noso xuízo, segue a ser insuficiente, e limita a convocatoria de prazas de promoción para as persoas que teñen acreditados méritos dabondo para elo. Por esta razón, a Universidade de Vigo continuará reclamando en todos os foros nos que participa que se suprima a taxa de reposición, para que a solución sexa de cada universidade e que as universidades que, como a nosa, son quen de xestionar eficientemente os seus recursos e non incorren en déficit, podan xestionar os seus recursos sen cortapisas e poidan convocar prazas de promoción que permitan premiar o mérito e a capacidade. Manteranse os programas de retención de talento para persoal investigador e de intensificación investigadora para profesorado axudante doutor que foron postos en marcha durante o ano 2015 e que permitiron manter a relación contractual coa Universidade de Vigo das persoas pertencentes a estes colectivos.

En canto ao PAS, o vicerreitor subliña que este será o ano chave para lograr a revisión da RPT, vital para dar mellor resposta aos requirimentos da comunidade universitaria, é aos novos retos aos que se enfronta a nosa universidade, e destaca que estase a conseguir co máximo consenso posible. Esta modificación ten que dar acubillo ao proceso de funcionarización, en todo caso voluntario, do actual PAS Laboral, e que unificaría unha relación de postos de traballo que é imprescindible reformular, porque non se pode ter unha estrutura de hai 25 anos na actualidade, na que existen novas necesidades e obxectivos. É necesario, reitera, a vontade de acordo e chegar rápido a unha solución para todos, que dea estabilidade ao persoal e que poida ser asumida pola Universidade.

Menciona o vicerreitor o compromiso integral da Universidade, co estudantado, que se manifesta nun conxunto de liñas de actuación externas e complementarias á propia docencia, en primeiro lugar a través da política de bolsas e premios, políticas de emprego e de emprendemento, apoio á mobilidade e intercambio etc. E tamén a internacionalización da Universidade, que continúa a ser unha prioridade en todos os seus ámbitos (docencia, investigación...).

E finaliza o informe das liñas básicas de actuación cunha mención ás grandes infraestruturas previstas, como o Edificio Campus da Auga, no que, unha vez rematado a redacción do proxecto básico e proxecto de execución e de dirección de obra, o seguinte paso será sacar a concurso a licitación da obra para poder comezar a construción do edificio. Indica tamén que o Vigo Tecnolóxico comeza a materializarse en iniciativas coma a desenvolvida coa Zona Franca e o Consorcio Aeronáutico Galego, continuando a aposta por diversificar a industria de transporte e materiais (naval, automoción...) da Comunidade Autónoma. Realizaranse unha serie de actuacións como avanzar o soto do edificio de dereito de Ourense ou a mellora da cuberta do edificio de Química e de Miralles. Tamén menciona as obras de humanización do Campus de Pontevedra, e fai referencia ás obras de rehabilitación dos edificios do Berbés, pero repite que non se inclúen nos gastos, ata que non se asine o convenio que garanta o financiamento. Finaliza a súa exposición o vicerreitor e queda á disposición dos membros do Claustro, para aclarar as dúbidas que poidan xurdir.

Ábrese unha rolda de intervencións, solicitando a palabra os profesores Reigosa Roger, González Santamaría e o representante do PAS, Sr. Cebro Rodríguez.

O profesor Reigosa Roger agradece a excelente exposición do reitor no seu informe e a claridade das liñas de financiamento presentadas polo vicerreitor, pero desexa facer dúas críticas e expoñer unha preocupación. Comeza expoñendo unha queixa, porque nun Claustro anterior a oposición ofreceuse a participar na elaboración do novo financiamento, e non foron chamados. Reitera de novo o seu ofrecemento, recoñecendo que a súa colaboración non é obrigatoria, naturalmente, pero constitúe unha postura construtiva.

Como crítica principal, refírese ao discurso, que foi claro en canto aos números, pero desexa deixar patente as súas impresións. Di que o ano pasado comezaron esperanzados, xa que parecía que a Xunta se convencera da necesidade de acabar coas limitacións orzamentarias, e na prensa se traslada que os reitores están contentos co novo Plan de financiamento e sublíñase que se terá en conta o resultado acadado por cada universidade. Pero, continúa explicando, despois da intervención do reitor no Consello de Goberno a esperanza vense abaixo, xa que seguimos coa contención económica, con problemas para a contratación, e chegamos a este Claustro no que as liñas están xa escritas negro sobre branco, e percibe que, en xeral, o Plan é negativo. A súa queixa é polo discurso, xa que a cidadanía non pode crer que estamos contentos; que ese malestar debería trasladarse á opinión pública; debería criticarse abertamente este plan que está a afogar o crecemento da universidade. Non se debería facer crer que Feijóo o está facendo mellor. Non pode ser que universidades endebedadas como a de Salamanca poida sacar 14 prazas de CU porque é vella.

A segunda crítica, continúa o profesor Reigosa Roger, céntrase nas táboas do capítulo I. Sen ter máis información e polo que se ve na táboa do documento que se amosa, apréciase que virá un empeoramento das condicións, xa que o PDI e o PAS cada vez terán máis trienios, sexenios etc; polo que augura que cada vez se recoñecerá menos o que fan, e tal vez haxa despedimentos. Pregunta se en efecto é así, e de selo, reitera a necesidade de máis comunicación ao público de que a autonomía universitaria está sufrindo un ataque e que a situación é negativa. Finaliza agradecendo, novamente, a exposición do vicerreitor de Economía e Planificación, a pesar dos seus problemas de afonía.

Responde o vicerreitor, que é certo que comezaran con optimismo, xa que se esperaba que o proceso de negociación do novo Plan de financiamento fora semellante que no plano anterior, no que houbera unha gran receptividade das aportacións das universidades, en especial da UVigo, que foron recollidas en boa parte. Agardábase que se creara un fondo de suficiencia para as universidades con déficit e que a porcentaxe de financiamento por resultados fose maior. E parecía que ese era o camiño, pero todo se trincou cando os conselleiros de facenda e educación deron unha conferencia de prensa para explicar un plan que tiña pouco que ver co que se había negociado. A partir dese momento, esgotáronse as posibilidades de negociación, polo que non se puido dar máis oportunidade de participación.

En canto ao discurso entorno a este Plan, explica que o reitor destacou os aspectos positivos do plano, porque se valora que exista, xa que ofrece estabilidade. Mesmo cando as cifras de incremento que se publican na prensa non teñen un efecto real sobre as universidades, xa que, como explicou, corresponden a conceptos que se viñan recibindo, mantense o nivel de financiamento. Repite o vicerreitor que pelexaremos para que se logren melloras a través do seguimento do plan. Na negociación insistíuse en que se anularan os criterios históricos, e avanzouse nese sentido incluíndo criterios obxectivos, a pesar dos aspectos negativos que se expuxeron. Insiste en que non houbo posibilidade de negociar máis. Criticouse o negativo: o retroceso do 32 ao 14% do financiamento por resultados, xa que dende logo a esta universidade estaba mellor no anterior plan que neste, xa que nós melloramos a nosa posición porque fomos quen de mellorar nos bloques dos resultados. O vicerreitor fai fincapé en que todos estes aspectos negativos se trasladaron en todos os foros nos que temos voz.

Con respecto á pregunta en relación co capítulo I, di o vicerreitor que, se comparamos os datos do 2016 en relación co anterior, en efecto aumentamos 6,56%. Pero non todo ese crecemento é vexetativo, tamén recolle esforzo en captación e retención de talento. Reitera que se vai facer un esforzo na consolidación do persoal e na contratación, na medida que a taxa de reposición o permita. Indica que non ve a dúbida en relación cos despedimentos, coa planificación que se formula, e finaliza dicindo que, para confirmalo, aos datos se remite.

Intervén o reitor para explicar que a presentación que realizou no Consello de Goberno, tamén o fixo no Consello Galego de Universidades e diante dos periodistas, e mesmo máis crítico. Entendemos que os cambios na arquitectura do plan foron de última hora porque non cadraban as contas para outras universidades do SUG, polo que se realizou un cambio “solidario”. Reitera que intentárase ser o máis claro posible en canto á posición da Universidade en relación con Plan de financiamento.

Intervén o profesor González Santamaría, quen se suma ás reflexións do profesor Reigosa e fórmula algunhas cuestións relativas á memoria enviada. Indica que na páxina 5 se recolle que o número de horas de docencia por crédito establécese en 7 horas. Quere saber por que ese valor, a que corresponde e con quen foi negociado ou a quen se consultou, xa que afecta ás horas do PDI. Continúa expoñendo que unha grande parte da perda de ingresos esta sendo asumida polos traballadores e traballadoras da universidade, e pregunta por que, si como indica o plan de financiamento vai a incrementarse a achega da universidade, é necesario recortar os recoñecementos do PDI, redución que pode afectar ao colectivo dos profesores asociados, a quen representa. Pregunta tamén si o crecemento vexetativo non pode afectar á redución do profesorado. E, para finalizar, pregunta tamén pola captación de fondos para levar a cabo a rehabilitación das casas do Berbés e polo programa de maiores.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación, explicando que no algoritmo de cálculo que se aplica para o reparto do financiamento estrutural, deseñado pola Consellería de Facenda, utilízanse variables estándar que en realidade son neutras, no sentido de que se aplican a todas as universidades por igual, polo que, en realidade, a distribución estase realizando en base aos créditos matriculados en cada universidade.

En relación coa hipotética redución nos recoñecementos do PDI, explica o vicerreitor que na mesa de negociación se dixo que habería que poñer un límite ao recoñecemento.

En canto ao financiamento da sede do Berbés, explica que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria anunciou que se asinaría un convenio, por 1,50M€. Posto que o proxecto que se prevé ascende dese importe, será necesario mellorar o convenio, ou buscar máis financiamento, ou intentar reducir o custo do proxecto.

Intervén a profesora Adela Sánchez Moreiras, quen di que non se respondeu á cuestión de se é necesaria a redución nos recoñecementos, co que iso implica no sector do profesorado contratado.

O vicerreitor responde que está claro que ten que haber un límite aos recoñecementos, é o razoable, pero se ten que determinar cal será esa contía máxima.

A profesora Adela Sánchez Moreira está de acordo en que ten que haber límite nos recoñecementos, pero o ano pasado xa se rebaixou ese límite en 10.000 horas. Preocúpalle que descenda cada ano, coa repercusión que ten no persoal da Universidade.

Intervén o Sr. Xan Cebro para falar da proposta de postos de traballo e da distribución de niveis entre o PAS. Di que o vicerreitor falou de vontade de chegar a acordos, e agora hai unha documentación colgada da web que non está acordada. Expresa o seu malestar polas convocatorias das negociacións, xa que se lles convocou en verán para o 30 de xullo e agora para unha mesa o 22 de decembro. Nesas datas, prosegue, hai problemas porque os compañeiros xa están de vacacións, e os que están traballando nos servizos non poden deixalo. Cree que se chegará a unha negociación, non a un acordo. En relación á RPT, comenta que hai dúas liñas vermellas, por unha banda a limitación na masa salarial e as impostas pola Xunta PAS. Neste último caso, a única liña que se traza pola xunta PAS é que ningún PAS funcionario estea obrigado a concursar. A do goberno é a masa salarial. Destaca que é importante coñecer o número de prazas por riba de RPT estruturais que se van asumir na RPT. Fai mención do custo que representan para a Universidade os postos por riba da RPT, tanto no PAS como no PDI (incluíndo altos cargos, cargos en centros e departamentos, contratados). A partir deles pregunta se o goberno vai profesionalizar o funcionamento da Universidade, apostando pola profesionalización do PAS. Finaliza expresando a súa esperanza de que as negociacións sexan frutíferas. Di que é necesaria unha reestruturación, tanto no

relativo ás condicións de traballo como as de responsabilidades, pero debe ser negociada xa que o proio PAS o pide.

O vicerreitor agradece o ton da intervención do Sr. Cebro. Di que a primeira pregunta, xa quedou respondida na súa propia intervención. En relación coa data, explica que as convocatorias realízanse en días laborais, e que o día 22 de decembro é un día laborable normal, non ten outra intención que atender aos compromisos que se adquiren nos prazos establecidos. En canto ao desexo de profesionalización, destaca que este equipo foi o primeiro que decidiu profesionalizar áreas de xestión importantes. Reitera a vontade de negociación, e manifesta o seu acordo en que hai que negociar o relativo aos costes dos postos por riba da RPT.

Ábrese unha segunda quenda, solicitando intervir os profesores Pita Grandal e Reigosa Roger.

A profesora Ana Pita, desexa facer un comentario en relación aos recoñecementos do PDI, considera que entre eles se inclúen actividades que son propiamente actividade docente e investigadora. Pon como exemplo o TFG, no que se desenvolve unha actividade de dirección que só se recoñece cando o alumno defende e aproba, pero o traballo é o mesmo, aínda que non sexa así. No caso das teses, indica que o recoñecemento é disuasorio. Considera que é necesario planificar o recoñecementos. Está de acordo en que debe contemplarse a xestión, pero contemplar como recoñecemento o que é docencia, é perverso. A Universidade cobra por esa docencia, pero non se traslada. Indica que hai profesores que dirixen moitos TFG, máis de 15, que supoñen unha gran dedicación. Finaliza insistindo en que hai que depurar o que é recoñecemento, e levar a docencia o que é docencia.

Formula unha cuestión para o vicerreitor, en relación co tipo de prazas que se van ofertar o ano que vén, porque a convocatoria de prazas CU están paralizadas hai anos. Explica que, inicialmente, pensara que se tratarían de prazas de Contratado Doutor, pero en base do que dixo o vicerreitor, quere saber se xa se sabe cantas serán de CD e cantas de TU. Tamén en relación coas prazas, quere saber se se pode explicar no Claustro cal é a fórmula de ponderación das áreas para decidir a cales se lle asignan as prazas que sairán a concurso.

Avisa o reitor que está a superar o tempo fixado e pide que acoute a súa pregunta.

Finaliza a profesora Pita Grandal manifestando que está interesada na provisión de prazas.

Para responder, o vicerreitor de Economía e Planificación cede a palabra á vicerreitora de Profesorado, quen di que, en efecto, todas as preguntas tocan de xeito lateral as liñas orzamentarias, pero que son temas relacionados coas súas competencias. En relación co TFG, a vicerreitora di que pode discutirse o valor do recoñecemento que se lle outorga, pero en todas as universidades se recoñece despois da defensa, como no caso das teses e os PFC. Lembra tamén que nesta Universidade sempre se fixo así, excepto no período de comezo dos TFG. Continúa dicindo que non hai ninguén que teña 15 TFG en POD.

En relación coas prazas, a día de hoxe se poden convocar 21 prazas para o ano que vén, pola taxa de reposición, aínda que o número pode incrementarse en dúas prazas máis, non está definido. En canto á categoría das prazas, é un aspecto que terá que ser debatido na mesa de negociación, alí deberá negociarse o número de prazas de funcionario, e como consecuencia sairá un número igual de prazas de catedrático de universidade. Convocarase a mesa de negociación uns días despois da volta de xaneiro, por se pode haber un cambio nos orzamentos do goberno en función dos resultados electorais. Neste ano, acordouse que sairían 8 prazas de CD.

Toma a palabra o profesor Reigosa: agradece as respostas e engade que non o dixo anteriormente, pero aprecia o esforzo na captación e retención de talento. Apunta a necesidade de realizar un debate en torno ao futuro de ditas figuras.

O reitor agradece a súa opinión e indica que se terá en conta. En relación coa intervención do Sr. Cebro, sobre as datas da negociación, explica que forzou que a negociación se levara a cabo antes do Nadal, e que se achegará a proposta consonte se acordara coa parte social. Di que a proposta da Xerencia é un documento aberto para discutir. Unha vez debatido o aspecto conceptual, debe comezarse co concreto.

Responde o Sr. Cebro Rodríguez, quen explica que trasladou o malestar que existe entre o PAS, pero que o vicerreitor non contestou o máis importante, que é a existencia das liñas vermellas.

Responde o vicerreitor que o modelo de organización da relación de postos de traballo que se formula dende a Xerencia está condicionado polo límite da masa salarial e esas liñas vermella as que alude imposibilitan calquera nova formulación da organización e na práctica a negociación, condenándonos ao inmovilismo. Entende que a estrutura do PAS debe acompañar aos cambios e as novas necesidades que se están a producir na Universidade.

O Sr. Cebro replica que se pode ter o mesmo modelo, sen necesidade de concursar: hai tres campus, pódense facer cambios sen concursar.

O reitor solicítalle que analicen a proposta da Xerencia e que formulen alternativas construtivas, entende que temos que traballar xuntos para acadar o mellor escenario posible para a Universidade de Vigo.

O Sr. Cebro engade que todas as universidades do SUG realizan promocións internas, e sinaladamente a Universidade da Coruña. Responde o vicerreitor que na UVigo se levan gañadas cinco eleccións sen necesidade de facer este tipo de ofertas.

Punto 4. Elección do Defensor Universitario.

Procédese a apertura das urnas e ao reconto dos votos.

O reitor dá lectura aos resultados. Presentouse unha única candidatura, a de D. Argimiro Rojo Salgado. O candidato precisa a maioría de 2/3 dos claustrais asistentes á sesión. Hai 107 asistentes, polo que precisa un total de 71 votos. Finalizado o reconto, o candidato recibiu 70 votos a favor e 10 en branco, polo que non resulta elixido.

Punto 5. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:

- a. Sector PDI-A: 2
- b. Sector PDI-B: 2
- c. Sector PAS: 2
- d. Sector Estudantes: 1

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen dá lectura aos resultados:

- a) Sector PDI-A: 2 vacantes

Presentouse unha soa candidatura: Dna. Coral del Río Otero.

A candidata precisa a maioría de 2/3 dos claustrais asistentes á sesión do seu sector. Hai 73 PDI-A asistentes, polo que precisa 49 votos.

Votos recibidos 47 votos + 6 brancos, polo que non resulta elixida.

- b) Sector PDI-B: 2

Presentouse a seguinte candidatura: D. Miguel González Loureiro

Informa a secretaria que tamén presentou a súa candidatura D. Xoán Manuel Garrido Vilariño, pero non foi admitida, xa que foi presentada pasada a hora límite de recepción, é dicir fóra de prazo.

O candidato precisa a maioría de 2/3 dos claustrais asistentes á sesión do seu sector. Hai 11 PDI-B asistentes, polo que precisa 7 votos.

Recibe 4 votos a favor 4 branco polo que non é elixido.

c) Sector PAS: 2

Presentáronse as candidaturas que se indican a continuación. Tras o recuento de votos, os resultados son os seguintes:

D. Guillermo de Oca Cancela, 16 votos

D. José David Díaz Vázquez, 0 votos

Dna. Ana Belén Martínez Piñeiro, 16 votos

Os candidatos precisan a maioría de 2/3 dos claustrais asistentes á sesión do seu sector. Hai 17 PAS asistentes, polo que precisan 11 votos. Polo tanto, cumpríndose os requisitos normativos, saen elixidos

Saen elixidos D. Guillermo de Oca Cancela e Dna. Ana Belén Martínez Piñeiro.

d) Sector Estudiantes: 1

Presentáronse as seguintes candidaturas:

Dna. Rosalía Carrillo Pérez

D. Rodrigo Pousa Diéguez

Os candidatos precisan a maioría de 2/3 dos claustrais asistentes á sesión do seu sector. Hai 7 asistentes do sector, polo que precisan 5 votos.

Finalizado o recuento de votos, hai 5 votos para dona Rosalía Carrillo Pérez, que sae elixida, e 1 voto en branco.

Punto 6. Elección de 1 representante do alumnado na Comisión Electoral.

A secretaria indica que non se presentou ningunha candidatura, polo que non é preciso celebrar eleccións.

Punto 7. Elección de 1 representante do alumnado na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos.

Informa a secretaria xeral de que presentáronse dúas candidaturas. Realizadas as votacións e finalizado o recuento, os resultados foron os seguintes:

D. Adrián Blanco García: 4 votos

Dna. Paula Rivera González: 2votos

Polo que queda elixido D. Adrián Blanco García como representante do alumnado na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos.

Punto 8. Elección dos seguintes representantes no Consello de Goberno:

a. Sector Decanos/Directores: 2 vacantes

Informa a secretaria xeral que tan só se presentou unha candidatura, a de Dna. Marta Fernández Prieto, polo que non é necesario realizar eleccións e a candidata queda elixida.

Punto 9. Elección dos membros da Comisión de Plans Estratéxicos:

a. Sector PDI-A: 2 vacantes

Non se presentou ningunha candidatura polo que non é preciso celebrar eleccións.

b. Sector Estudiantes: 2 vacantes

Presentouse a seguinte candidatura: D. Rodrigo Pousa Diéguez.

Non é preciso celebrar eleccións, polo que queda nomeado.

Punto 10. Rogos e preguntas.

Ó representante de alumnos, Sr. González Varela, quere facer unha puntualización con relación ao informe do vicerreitor de Economía e Planificación. Fai referencia ao comentario do vicerreitor de que valora positivamente o feito de que, no Plan de financiamento, se propoñan parámetros con criterios non históricos. Indica que se, na realidade, o financiamento que se logra por unha liña se perde pola outra, está claro que é preciso unha modificación. Solicita que se melloren ditos criterios a través da comisión.

A profesora Adela Sánchez Moreira solicita dar lectura a un texto (**Anexo I**) enviado polo profesor Rodríguez Gallardo, acompañado por outro no que realiza unha pregunta e unha solicitude de diversa documentación, en relación á situación das prazas de CD 1102-H10-567-CD-01 e CD 1102-H10-567-CD-02 no Departamento de Lingua Española. Procede a dar lectura do texto, que fará chegar por rexistro e solicita resposta por escrito.

O representante de alumnos Sr. Álvarez Moreiras, pregunta polas cuestións que xa formulou en claustros anteriores. Dá lectura, e posteriormente achega (**Anexo II**), ao escrito no que se reúnen ditas cuestións. Responde a secretaria xeral que xa se comezara a dar resposta ás súas preguntas, pero dado o elevado número das mesmas e as cuestións que formula, considerouse preferible manter unha xuntanza conxunta coa vicerreitora de Estudiantes, a Secretaría Xeral e o solicitante. En varias ocasións intentaron contactar con el para fixar unha data, pero non foi posible. Acordan que, tras a sesión do Claustro, se fixará a data para dita reunión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 h do día 14 de decembro de 2015, da que eu como secretaria xeral dou fe, co vº. e pr. do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria Mª Pena Uris